



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 27 DE XULLO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinteseite de xullo de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**

Incorpórase cande se cita D.^a Elena Baz Rodríguez, con voz pero sin voto.

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Raquel Duarte Núñez.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DO 13.06.2017

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 13 de xuño de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela, polo que a referida acta foi aprobada por unanimidade.

PUNTO 2.- Expediente 1531/2017. DAR CONTA DA SENTENCIA DO P.O 0000332/2017 SOBRE A RECLAMACIÓN DO SALARIO, INTERPOSTA POR JUAN AGUSTÍN ÁLVAREZ GONZÁLEZ

Dase conta á Xunta de Goberno Local da sentenza núm. 451/2017 de 28.06.2017, do Xulgado do Social nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario 332/2017, Juan Agustín Álvarez contra o Concello da Guarda, cuxo fallo literalmente di:

“Que desestimando la demanda interpuesta por D. Juan Agustín Álvarez González frente al Ayuntamiento de A Guarda, debo absolver y absuelvo a éste de las pretensiones contra él deducidas.

Se hace saber a las partes que contra esta sentencia no cabe recurso.”

Dase conta así mesmo do informe xurídico de D. Carlos Potel Alvarellos de data 19.07.2017.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 3.- Expediente 1520/2017. DAR CONTA DA SENTENCIA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO P.O. 353/2017 DE ROSALÍA VERDE PÉREZ



Concello A Guarda

Dase conta á Xunta de Goberno Local da sentenza núm. 452/2017 de 28.06.2017, do Xulgado do Social nº 1 de Vigo no Procedemento Ordinario 353/2017, Rosalía Verde Pérez contra o Concello da Guarda, cuxo fallo literalmente di:

“Que estimando la demanda interpuesta por D.ª Rosalía Verde Pérez, debo declarar y declaro su condición de personal laboral indefnido no fijo del Concello de A Guarda, al que condeno a estar y pasar por la anterior declaración.

Se hace saber a las partes que contra esta sentencia pueden interponer recurso de suplicación para ante la sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, el cual podrán anunciar por mera manifestación de la parte o de su representante de su propósito de entablarlo al hacerle la notificación de aquélla o mediante comparecencia o por escrito en el plazo de cinco días desde la notificación de la presente resolución.”

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 4.- Expediente 1103/2017. DAR CONTA DA SENTENCIA NO P.O. 857/2016 DE FABIÁN GONZÁLEZ ÁLVAREZ

Dase conta á Xunta de Goberno Local da sentenza núm. 245/2017 de 22.05.2017, do Xulgado do Social nº 5 de Vigo no Procedemento Ordinario 857/2016, Fabián González Álvarez contra o Concello da Guarda, cuxo fallo literalmente di:

“Estimar parcialmente la demanda en materia de reconocimiento de derecho y reclamación de cantidad interpuesta por DON FABIÁN GONZÁLEZ ÁLVAREZ contra el CONCELLO DE A GUARDA, declarando el derecho del actor a que el cómputo de su jornada durante el período de 15 de junio a 15 de septiembre sea equivalente en el número de horas de prestación de servicios de un trabajador equiparable con reducción de una hora diaria, siendo compensada como hora extraordinaria en caso de exceso y con arreglo a este pronunciamiento, condeno al Ayuntamiento demandado a estar y pasar por esta declaración, absolviéndole del resto de los pedimientos formulados en su contra.

Se hace saber a las partes de su derecho a interponer contra esta sentencia Recurso de Suplicación ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, Sala de lo Social, que podrán anunciar ante este Juzgado en el plazo de cinco días, a partir de la notificación, por comparecencia o por escrito [...]”

Dase conta así mesmo do informe xurídico de D. Carlos Potel Alvarellos de data 14.07.2017.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 5.- Expediente 743/2017. SUBV PRAZA DE ABASTOS

Vista a proposta de Alcaldía de data 26.07.2017, que literalmente di:

PROPOSTA DE ALCALDIA

En sesión de Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de 2017 adoptouse o seguinte acordo:

Con data 11 de agosto de 2016 o Concello da Guarda solicitou unha subvención por importe de 45.000,00 euros á Deputación Provincial de Pontevedra ó abeiro do Plan Concellos 2016 para a execución do proxecto “Praza de Abastos” sobre un orzamento total de 105,000,00 euros, toda vez que a execución do resto do proxecto era obxecto de solicitude doutra



Concello A Guarda

subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria. Con data 29 de setembro de 2016 a Deputación Provincial de Pontevedra resolveu conceder á subvención solicitada.

Vistas as condicións da concesión da subvención de dita consellería, o Concello da Guarda viuse obrigado a renunciar á execución deste proxecto e pospoñer esta actuación ata este ano.

Visto que as bases da convocatoria de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria do ano 2017 mudaron no sentido de que reduciuse a cantidade subvencionable, o Concello da Guarda elaborou un novo proxecto de actuación da Praza de Abastos denominado "Instalación de ascensor na Praza de Abastos" cun orzamento de execución de 65.000 euros dos cales dita administración financiaría o 30% (19,500 euros)

Vista a Base décimocuarta do Plan Provincial de Cooperación ás obras de servizos de competencia municipal para o exercizo 2016 (Plan Concellos 2016) publicado no BOPPO nº 233 de 2 de decembro de 2015 que establece que "unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvencións e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar o cambio ou a modificación do seu contido se concorren circunstancias excepcionais, xustificando por escrito as causas que a fundamentan e axeitándose ó establecido nas distintas normas desta convocatoria.

Dadas as circunstancias excepcionais expostas nos antecedentes propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada "INSTALACIÓN DE ASCENSOR NA PRAZA DE ABASTOS", asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico denominado "INSTALACIÓN PRAZA DE ABASTOS.

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 45.000 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016

Visto que en dito acordo se produxo un erro na súa redacción ó non incluír o cuarto punto do mesmo que debería dicir:

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 500 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega".

Por todo o exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de 2017 transcrito máis arriba, incluíndo o punto referido á colaboración no financiamento de tal xeito que a súa redacción definitiva sería:

Con data 11 de agosto de 2016 o Concello da Guarda solicitou unha subvención por importe de 45.000,00 euros á Deputación Provincial de Pontevedra ó abeiro do Plan Concellos 2016 para a execución do proxecto "Praza de Abastos" sobre un orzamento total de 105,000,00 euros, toda vez que a execución do resto do proxecto era obxecto de solicitude doutra subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria. Con data 29 de setembro de 2016 a Deputación Provincial de Pontevedra resolveu conceder á subvención solicitada.



Concello A Guarda

Vistas as condicións da concesión da subvención de dita consellería, o Concello da Guarda viuse obrigado a renunciar á execución deste proxecto e pospoñer esta actuación ata este ano.

Visto que as bases da convocatoria de subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria do ano 2017 mudaron no sentido de que reduciuse a cantidade subvencionable, o Concello da Guarda elaborou un novo proxecto de actuación da Praza de Abastos denominado “Instalación de ascensor na Praza de Abastos” cun orzamento de execución de 65.000 euros dos cales dita administración financiaría o 30% (19,500 euros)

Vista a Base décimocuarta do Plan Provincial de Cooperación ás obras de servizos de competencia municipal para o exercizo 2016 (Plan Concellos 2016) publicado no BOPPO nº 233 de 2 de decembro de 2015 que establece que “unha vez recaída a resolución de concesión, antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvencións e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiros, poderase solicitar o cambio ou a modificación do seu contido se concorren circunstancias excepcionais, xustificando por escrito as causas que a fundamentan e axeitándose ó establecido nas distintas normas desta convocatoria.

Dadas as circunstancias excepcionais expostas nos antecedentes propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “INSTALACIÓN DE ASCENSOR NA PRAZA DE ABASTOS”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico denominado “INSTALACIÓN PRAZA DE ABASTOS.

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 45.000 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016.

Cuarto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 500 euros. O órgano que adopta este acordo é o competente para comprometer esta achega”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos que quedou transcrita.

Neste momento incorpórase á sesión a Sra. Baz Rodríguez (09:00 horas)

PUNTO 6.- Expediente 419/2017. APROBACIÓN COBROS MERCADO 2017

Vista a proposta de Alcaldía de data 26.07.2017, que literalmente di:

“Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de mercado, e vista a relación de recibos ao cobro realizado pola tesourería municipal, correspondente ao mes de xuño,



Concello A Guarda

PROPOÑO á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a relacion de recibos do mes de xuño para a súa posta ao cobro

RELACIÓN DOS POSTOS FIXOS DO MERCADO MUNICIPAL DA GUARDA (MES DE XUÑO DE 2017)

CARTA DE PAGO	Nº POSTO	PLANTA	CONTRIBUÍNTE	IMPORTE	DATA PAGAMENTO
0	1	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	2	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.-101/2017	3	BAIXA	CARRERO VICENTE, ANTONIO JAVIER	89,18	
MER.-102/2017	4	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	89,18	
MER.-103/2017	5	BAIXA	BAZ VICENTE, LUIS	115,90	
MER.-104/2017	6	BAIXA	TREINTA BAZ, SAÚL	44,86	
MER.-105/2017	7	BAIXA	PESCADOS NARCISA, S.L.	106,97	
MER.-106/2017	8	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
MER.-107/2017	9	BAIXA	RODRÍGUEZ CADILLA, M ^a CARMEN	80,17	
MER.-108/2017	10	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	66,81	
MER.-109/2017	11	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	80,17	
0	12	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.-110/2017	13	BAIXA	PEIXES LECIO, C.B.	89,18	
MER.-111/2017	14	BAIXA	BAZ PACHECO, EMILIO	44,86	
0	15	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
0	BANCADA	BAIXA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.-112/2017	BANCADA A	BAIXA	BAZ MARTÍNEZ, MARÍA EMILIA	26,73	
0	1	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.-113/2017	2	ALTA	LEIRA FERRO, MARÍA YOLANDA	29,43	
MER.-144/2017	3	ALTA	VAQUERO ENES, MERCEDES	66,81	
MER.-115/2017	4	ALTA	HERMANOS ANDURA RODRÍGUEZ	89,18	
0	5	ALTA	VACANTE		BAIXA
MER.-116/2017	6	ALTA	HERMANOS ANDURA RODRÍGUEZ	89,18	



Concello A Guarda

MER.- 117/2017	A	ALTA	ALONSO RODRÍGUEZ, NAHIR BEGOÑA	53,45	
0	B	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 118/2017	C	ALTA	MARTÍNEZ VICENTE, JOSEFINA	44,60	
0	D	ALTA	VACANTE	0,00	BAIXA
MER.- 119/2017	E	ALTA	VICENTE SOUSA, FRANCISCO JAVIER	44,60	
MER.- 120/2017	F	ALTA	ALONSO RODRÍGUEZ, NAHIR BEGOÑA	35,66	
TOTAL RECIBOS				1.331,78	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos que quedou transcrita.

PUNTO 7.- ASUNTOS VARIOS

Non hai.

F.O.D.- PROPOSTA DA ALCALDÍA POR RAZÓNS DE URXENCIA

O Sr. Alcalde informa que por razóns de urxencia é necesaria a aprobación do prezo público para a venda do catálogo da exposición “Viaxando pola historia. 100 anos do MASAT”.

A Secretaria advirte que o expediente non foi fiscalizado por Intervención.

Sométese a votación, en primeiro lugar, a urxencia, sendo aprobada por unanimidade e procédese consecuentemente a tratar o asunto.

PREZO PÚBLICO PARA A VENDA DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “VIAXANDO POLA HISTORIA. 100 ANOS DO MASAT”

Vista a proposta do concelleiro de Patrimonio de data 27.07.2017, que literalmente di:

“PROPOSTA DE VENDA DE CATÁLOGOS

Con motivo da exposición *Viaxando pola Historia: Cen anos de Masat*, aberta ó público entre o 27 de xullo e o 28 de agosto na Casa dos Alonsos da Guarda, o Concello edita un catálogo de aproximadamente 200 páxinas que contén imaxes en color das pezas expostas e unha detallada descrición das mesmas realizada por especialistas relevantes na arqueoloxía galega co fin de que os visitantes teñan unha información detallada das pezas expostas.

O custe total de impresión e maquetación e o número de unidades impresos é o que se detalla a continuación:

CONCEPTO	PREZO
Impresión, encuadernación e maquetación (IVE incl.)	6171 €



Concello A Guarda

N.º EXEMPRARES EDITADOS	300
CUSTE UNITARIO	20,57 €

Considerados os custes e conttemplando ó mesmo tempo o valor cultural da publicación e procurando a facilidade na súa venda, o Departamento de Patrimonio propón por á venda o catálogo da Exposición “Viaxando pola historia. 100 anos do MASAT”, conmemorativa do centenario da creación do MASAT ó prezo de **10 €** de xeito que permita recuperar parcialmente o gasto realizado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos que quedou transcrita.

Non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente da por rematada a sesión ás 09:11 horas da que eu, como secretaria, dou fe.